

BOUZA VELLA, A. Aldea da parroquia de Triabá (San Pedro), no concello de Castro de Rei (Lugo), que ten 19 habitantes e dista 12,7 quilómetros da capital municipal.

- Lugar da parroquia de Panxón (San Xoán), no concello de Nigrán (Pontevedra), que ten 363 habitantes e dista 3,5 quilómetros da capital municipal.

BOUZA DA VIÑA, A. Aldea da parroquia de San Xurxo de Lourenzá (San Xurxo), no concello de Lourenzá (Lugo), que ten 14 habitantes e dista 2,7 quilómetros da capital municipal.

BOUZA DO VISO. Lugar da parroquia de Salvaterra (San Lourenzo), no concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra), que ten 70 habitantes e dista 2 quilómetros da capital municipal.

BOUZABOA. Aldea da parroquia de Lorienta (Santo Estevo), no concello de Castro de Rei (Lugo), que ten 84 habitantes e dista 12 quilómetros da capital municipal.

- Lugar da parroquia de Valeixe (Santa Cristina), no concello da Cañiza (Pontevedra), que ten 19 habitantes e dista 7 quilómetros da capital municipal.

BOUZABOA, A. Aldea da parroquia de Trasmonte (Santiago), no concello de Friol (Lugo), que ten 1 habitante e dista 12,8 quilómetros da capital municipal.

BOUZABOA DE ABAIXO, A. Aldea da parroquia de Trasmonte (Santiago), no concello de Friol (Lugo), que ten 1 habitante e dista 12,7 quilómetros da capital municipal.

BOUZA-BREY, Fermín. Poeta e erudito que naceu en Pontearas (Pontevedra) o 31 de marzo de 1901. A súa nenez e a primeira mocidade pasounas en Vilagarcía de Arousa. Cursou estudos de Filosofía e Letras e de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e doutorouse en Madrid. Ingresou na carreira xudicial e foi maxistrado en Santiago de Compostela, Lleida, Pontevedra e na Audiencia Territorial de Oviedo. En 1923, sendo estudante en Santiago e con motivo dunha visita á casa de Ortoño (Ames, A Coruña), onde viviu Rosalía de Castro, concibiu, con outros compañeiros, a fundación do Seminario de Estudos Galegos, no que desenvolveu un labor intenso, continuado despois na Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudio Galegos Padre Sarmiento. A súa principal actividade literaria desenvolveuna como poeta en *Nao senlleira* (Editorial Nós; Santiago, 1933). Recolleu nesta obra un número limitado de composicións moi selectas, das que a maior parte se publicara a partir de 1922 en *Nós*, revista na que colaborou asiduamente como poeta erudito. Despois da Guerra Civil española publicou o seu se-

gundo libro de versos, *Seitura* (Braga, Portugal; sen data), cunha ortografía axeitada ós lectores portugueses. Na colección "Lar" de novela curta, número 15 (A Coruña, 1925), pódese le-lo seu relato breve "Cabalgadas en Salnés", que leva o subtítulo de "Lembranzas dun fidalgo".

Bouza-Brey pode ser considerado como o xefe da poesía neotrobadoresca; as aproximacións escasas e tímidas á técnica e ó espírito dos cancioneros medievais galego-portugueses que levaron a cabo algúns escritores anteriores a el non anulan o feito de que el foi o primeiro que, dunha maneira sistemática, procurou en parte da súa obra poética beneficiar, sen caer nunha imitación arqueolóxica servil, os achados da poesía galega medieval e especialmente a cantiga de amigo. O paralelismo, o leixapré, o refrán, certas particularidades do léxico que caracterizan a poética dos nosos trobadores aparecen en Bouza-Brey, aínda que adaptados libremente ás condicións do tempo no que escribe o poeta. A poesía deste autor caracterízase, ademais, pola riqueza e selección do seu vocabulario, pola atención que lle presta á eufonía das palabras e dos versos, pola amplitude e polo coidado da melodía. Rara vez se afasta da regularidade métrica. A construción sólida do verso pode evoca-la técnica parnasiana, mentres que a frecuencia do simbolismo e a importancia concedida ó



O lugar da Bouza Vella, na parroquia de Panxón (San Xoán), no concello pontevedrés de Nigrán.

estrato fónico parecen de estirpe possibilista.

Os seus estudos biobibliográficos sobre autores galegos do século XIX teñen grande importancia, especialmente os relativos a Rosalía de Castro, da que tamén fixo unha edición crítica dos seus *Cantares gallegos*, publicada en Vigo en 1963, no primeiro centenario da aparición desta obra.

Morreu en Santiago de Compostela o 11 de xuño de 1973. (Carmen García Rodríguez e Lydia Fontoira Suris)

Obra investigadora. Ademais de creador no campo literario, Bouza-Brey ten no terreo científico a súa produción máis relevante. Polígrafo profundo, abarcou con coñecemento as ciencias máis diversas do saber humanístico, co que se converteu nun dos máximos eruditos da bibliografía galega contemporánea. Formado cos eruditos galegos (Pérez Constanti, ó que su-

cedeu na súa cadeira da Real Academia Galega, Cabeza de León ou Cotarelo Valledor) e en contacto con homes destacados da ciencia da época (Obermaier, Menghin, Breuil, Reinhart, Gómez Moreno, Menéndez Pidal ou Krüger), Bouza-Brey desenvolveu, dende a súa mocidade, unha actividade investigadora fecunda que tivo Galicia como meta e estímulo constante. En 1929 viaxou á Bretaña cunha bolsa do Centro de Estudos Históricos e en 1933 a Portugal, onde afianzou relacións con investigadores lusos que continuou e incrementou ata a súa morte, co que chegou a ser un dos intelectuais galegos máis estimados no país veciño. Os seus estudos, de altura internacional, fixérono estar presente en numerosos congresos e foi vocal nalgúns deles. Como froito destas continuas relacións, cimentadas nun prestixio indubidable, mereceu ser membro de nu-

merosas corporacións científicas. Así, foi membro numerario da Real Academia Galega, correspondente da Real Academia da Historia, membro da Sociedade Española de Antropoloxía e Etnografía, do Instituto Internacional de Antropoloxía de París, da Sociedade de Xeografía de Lisboa, do Instituto de Coímbra, do Instituto Histórico do Minho, da Sociedade de Folclore do Brasil, do Instituto Arqueolóxico Alemán, da Academia Portuguesa da Lingua, etc.

Foi constante a súa preocupación pola formación de investigadores ó longo de toda a súa vida, realizada, aínda que por tempo breve, nas aulas universitarias e sobre todo como xefe da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), onde reuniu un equipo de mozos investigadores que despois seguiron as súas pegadas. Neste labor de formación puxo de relevo o seu galeguismo e a súa entrega total a Galicia.

A súa tarefa investigadora, espaxada en distintas publicacións da época, dirixiuse a diferentes campos. Xunto con López Cuevillas, Bouza-Brey pode ser considerado como un dos sistematizadores da nosa prehistoria. Ambos perfilaron de forma científica o pasado galego máis remoto. Son xa clásicas as súas publicacións conxuntas: *Bibliografía da prehistoria galega* (Ourense, 1927), *Prehistoria e folklore da Barbanza* (Ourense, 1927), *Os oestrinnios, os saefes e a ofiliatría en Galicia* (Santiago de Compostela, 1929) ou *La civilización neolítica gallega* (Madrid, 1931). De grande interese son os estudos sobre o paleolítico galego (con X.M.^a Álvarez Blázquez), o megalítico, a cultura castrexa e a dominación romana de Galicia.

Como epígrafa destaca a súa achega ó corpus de *Inscripciones romanas de Galicia*. Neste campo son de interese os seus estudos sobre divindades do panteón galaico prerromano e no terreo da numismática sobresaen as súas publicacións sobre moedas romanas.

Se ben Bouza-Brey non deixou de estudar ningunha etapa da nosa historia, o seu esforzo investigador centrouse, fundamentalmente, no período xermano e suevo; foi, sen dúbida, o primeiro estudioso galego que o historiou con perspectiva científica. Froito deso é unha ampla monografía. Entre outras achegas ó campo histórico pódense destacar, ademais, *El señorío de Villagarcía desde su fundación hasta su marquesado, 1461-1655*, varios estudos sobre a organización gremial da Galicia medieval e sobre a historia do xornalismo galego e a imprenta. No terreo da xenealoxía e da heráldica é de destacar *Escudos de Rianxo*, en colaboración con Alfonso R. Castelao.

No campo da arte efectuou diversas investigacións sobre o prerrománico galego, así como sobre o románico e o barroco. Puxo especial interese no estudo da ima-



Retrato de Fermín Bouza-Brey, óleo de Rafael Alonso.



◀ Portada da primeira edición de *Nao senlleira*, feita en Santiago por Editorial Nós en 1933.

xinería compostelá e, así mesmo, no campo das artes menores, no que realizou os catálogos de prateiros e gravadores composteláns a través de varias publicacións.

Como etnógrafo non deixou de escudriñar en ningún aspecto da nosa antropoloxía cultural. Destacan fundamentalmente tres aspectos: o da literatura popular, con varios estudos sobre as cantigas e a paremioloxía galega, a etnografía espiritual e o campo da etnomedicina.

Fermín Bouza-Brey deixou constancia do seu esforzo investigador en preto dun milleiro de publicacións aparecidas, por espacio de algo máis de cincuenta anos, en diversas revistas destacadas de España e do estranxeiro. O seu prestixio científico internacional, avalado por múltiples consultas que mantiña en correspondencia cos principais especialistas do mundo, acreditárono como un dos escritores máis fecundos da Galicia contemporánea. As homenaxes que os seus amigos, colaboradores e discípulos lle dedicaron á súa morte dan boa proba deso. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 1992.

BOUZACHÁN, Mámoa de. Monte de 596 metros de altitude, situado na parroquia de Cures, concello de Boiro (A Coruña), no límite co concello de Lousame (A Coruña).

BOUZACHÁS. Aldea da parroquia de Augas Santas (San Xurxo), no concello de Paldas de Rei (Lugo), que ten 8 habitantes.

- Lugar da parroquia de Velle (Santa Marta), no concello e provincia de Ourense.

BOUZACOVA. Lugar da parroquia de Tallo (Santo André), no concello de Pontecoso (A Coruña).

BOUZADA, A. Lugar da parroquia de Piñeiro (San Salvador), no concello de Tomiño (Pontevedra), que ten 112 habitantes e dista 5,5 quilómetros da capital municipal.

BOUZADA, Xan. Naceu en Lugo en 1951. Estudou Socioloxía na Universidade de Tolosa e doutorouse nos mesmos estudos na Universidade Complutense de Madrid. É profesor na Universidade de Vigo e autor de numerosos traballos, a maior parte relacionada coa socioloxía da cultura. Publicou, en colaboración con outros autores, libros como *Moaña: escola, cultura e vida comunitaria nun concello galego* (1988) ou *As necesidades no desenvolvemento social de Galicia* (1994). É o director, editor ou coordinador doutras obras diversas, colaborador de revistas como *Grial*, *Luzes de Galiza* ou *Análise Empresarial* e participou na elaboración do *Mapa cultural de Galicia*.

BOUZADRAGO. Aldea da parroquia da Pereira (San Facundo), no concello de Entrimo (Ourense), que ten 37 habitantes e dista 4,6 quilómetros da capital municipal.

BOUZAFRÍA, A. Lugar da parroquia de San Salvador de Tebra (San Salvador), no concello de Tomiño (Pontevedra), que ten 8 habitantes e dista 7 quilómetros da capital municipal.

BOUZAL, O. Aldea da parroquia de Anzar (Santo Estevo), no concello de Taboada (Lugo), que ten 6 habitantes e dista 6,5 quilómetros da capital municipal.

BOUZALONGA. Aldea da parroquia de Deixebre (Santa María), no concello de Oroso (A Coruña), que ten 27 habitantes e dista 3 quilómetros da capital municipal.

- Lugar da parroquia de Xinzo (Santa Mariña), no concello de Pontearreas (Pontevedra), que ten 56 habitantes e dista 5 quilómetros da capital municipal.

BOUZAMAR. Lugar da parroquia de San Xiao de Veá (San Xiao), no concello da Estrada (Pontevedra).

- Lugar da parroquia de San Xurxo de Veá (San Xurxo), no concello da Estrada (Pontevedra), que ten 35 habitantes e dista 8 quilómetros da capital municipal.

BOUZAMELLE. Aldea da parroquia de Román (Santalla), no concello de Vilalba (Lugo), que ten 32 habitantes e dista 7,3 quilómetros da capital municipal.

BOUZAMERELLE. Aldea da parroquia de Castenda da Torre (Santa María), no concello de Tordoia (A Coruña), que ten 9 habitantes e dista 4 quilómetros da capital municipal.

BOUZAMONTE. Aldea da parroquia de Añá (Santa María), no concello de Frades (A Coruña), que ten 24 habitantes e dista 6 quilómetros da capital municipal.

BOUZANOGUEIRA. Aldea da parroquia de Rus (Santa María), no concello de Carballo (A Coruña), que ten 13 habitantes e dista 9 quilómetros da capital municipal.

BOUZAPANDA. Lugar da parroquia de Santo Estevo de Budiño (Santo Estevo), no concello de Salceda de Caselas (Pontevedra), que ten 42 habitantes e dista 4 quilómetros da capital municipal.

BOUZARÁN. Lugar da parroquia de Andoio (San Mamede), no concello de Tordoia (A Coruña), que dista 4 quilómetros da capital municipal.


BOUZARRARA. Aldea da parroquia de Lamas (San Xiao), no concello de San Sadurniño (A Coruña), que ten 12 habitantes e dista 3 quilómetros da capital municipal.

BOUZARREDONDA. Aldea da parroquia de Anca (San Pedro), no concello de Neda (A Coruña), que ten 16 habitantes e dista 7,5 quilómetros da capital municipal.

BOUZARROMA. Aldea da parroquia de Loroño (Santiago), no concello de Zas (A Coruña), que ten 8 habitantes e dista 3,4 quilómetros da capital municipal.

BOUZAS. Apelido que leva escudo partido: primeiro, en campo de goles, catro barras de ouro; segundo, en campo de goles.

(Eduardo Seijas Vázquez)



Bouza

Bouzas

- Aldea da parroquia de Moraime (San Xulián), no concello de Muxía (A Coruña), que ten 48 habitantes e dista 5,5 quilómetros da capital municipal.

- Aldea da parroquia de Miñortos (San Martiño), no concello de Porto do Son (A Coruña), que ten 23 habitantes e dista 8,3 quilómetros da capital municipal.